

**4º ESO CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E RECUPERACIÓN CURSO 24/25****1. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN 4º ESO**

A) Os criterios de avaliación reutilízanse dunha avaliación para outra, a avaliación é continua, progresiva e sumativa.

B) Levaranse a cabo probas e tarefas de orde diverso que permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes criterios de avaliación nas cinco destrezas.

Entre as probas, proporanse probas de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, probas de adquisición de léxico e conxugación ou probas de pronuncia.

C) As probas e tarefas valoraranse de 0 a 10 puntos, tendo unha ponderación diferente dentro da unidade didáctica segundo as súas particularidades :

- 10% nota de clase (taboa de indicadores).
- 10% comprensión escrita (proba escrita)
- 10% comprensión oral (proba escrita)
- 10% expresión escrita (proba escrita)
- 10% expresión oral (taboa de indicadores)
- 40% gramática e vocabulario (proba escrita)
- 10% boletíns de exercicios (taboa de indicadores).

D) A cualificación de cada unidade didáctica obtérase da suma das cualificacións ponderadas das probas e tarefas realizadas en cada unidade, detaiadas anteriormente.

E) A cualificación trimestral obtérase en función dos instrumentos de avaliación : 30% táboa de indicadores e 70% de probas escritas.

Considerarase superada a avaliación que acade unha puntuación de mínimo 5/10.

F) A cualificación da avaliación final obtérase da media aritmética das 3 avaliacións.

O alumnado que aproba a 3ª avaliación acada unha cualificación positiva no curso. A nota do boletín da avaliación final será a media aritmética das tres avaliacións ou a nota da 3ª avaliación se é máis alta.

G) O redondeo da nota : se o decimal está entre 0 e 49, a nota será o mesmo número enteiro que sen decimais. Se o decimal está entre 50 e 99, a nota será o número enteiro inmediatamente superior.

Excepción : as notas inferiores a 5 puntos de 10, sempre é un suspenso.

H) Todos o alumnado teñen a obriga de presentarse a todas as probas mencionadas anteriormente. De non presentarse ao exame o día acordado, deberán facelo ao día seguinte.

**2. CRITERIOS DE RECUPERACIÓN 4º ESO**

A) Dado que é avaliación sumativa, as probas posteriores inclúen criterios de avaliación a modo de repaso e recuperación.

O alumnado que suspenda a 1ª avaliación, considerarase recuperada se aproba o primeiro exame da 2ª avaliación ou a 2ª avaliación.

O alumnado que suspenda a 2ª avaliación, considerarase recuperada se aproba o primeiro exame da 3ª avaliación ou a 3ª avaliación.

O alumnado que aproba a 3ª avaliación acada unha cualificación positiva no curso. Neste caso, a nota do boletín da 3ª avaliación e a nota da avaliación final será a mesma: ou ben a nota obtida na 3ª avaliación, ou ben a nota media das tres avaliacións no caso de ser máis alta.

B) Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, tratando de garantir a obtención dos obxetivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.

C) Rematada a 3ª avaliación, o alumnado que non acada o 5 na 3ª avaliación ou na media aritmética das tres avaliacións, deberá realizar unha avaliación final dos criterios de avaliación mínimos do curso.

Para preparar dita proba, o profesorado proporcionará un boletín con exercicios. Os exercicios do exame da avaliación final serán moi similares aos do boletín.

Nestes casos, a nota da proba final será superior ou igual (pero non inferior) á nota da 3ª avaliación.

D) O alumnado que, na proba de avaliación final, non acade unha cualificación positiva e promocióne de curso, levará a materia pendente.

## **PLAN DE TRABAJO PARA O ALUMNADO CO FRANCÉS PENDENTE**

a. **O alumnado coa materia pendente que non cursa francés no ano en curso terá** cada trimestre unha proba e unha nota no boletín da avaliación.

Ao principio de cada trimestre, o profesorado dará a este alumnado un boletín con exercicios para preparar a proba da avaliación correspondente. Os exercicios da proba serán similares aos do boletín.

A proba será 100% escrita e a nota sobre 10 puntos. Será necesario acadar un mínimo de 5/10 puntos para superar a avaliación.

No caso de suspender a avaliación, o alumnado terá dereito a facer unha recuperación antes da proba da seguinte avaliación (mesmo tipo de exame).

O alumnado que suspenda unha avaliación e a recuperación da mesma, considérase automaticamente recuperada se supera a seguinte avaliación (e a nota definitiva da recuperación será a desta avaliación), é dicir, unha avaliación posterior superada recupera automaticamente a avaliación ou avaliacións, e recuperacións, anteriormente suspensas.

Para aprobar o curso desta materia pendente, é necesario obter unha nota igual o superior a 5/10 na media das tres avaliacións (considerando as notas das recuperacións, de ser o caso). Neste caso, esta nota media será a nota do boletín da 3ª avaliación e da avaliación final. No caso de resultado negativo (a media das tres avaliacións é inferior a 5/10), o alumnado deberá presentarse á **proba da avaliación final** (mesmo tipo de exame preparado a partir dos boletíns dos tres trimestres).

O profesorado informará ao alumnado a principio de curso.

Ao longo de cada trimestre, o alumnado e profesorado reuniránse de cando en vez para facer un seguimento e aclarar dúbidas.

Cada nota obtida será comunicada ao titor ou titora correspondente.

**b- O alumnado coa materia pendente que continúa cursando francés** seguirá o mesmo procedemento indicado no apartado anterior (a), pero tamén terán a oportunidade de aprobar a pendente automaticamente se aproban unha avaliación do ano en curso, e neste caso xa no terán que facer os boletíns dos trimestres posteriores. O aprobado será marcado no boletín de pendentes, coa mesma nota que foi obtido, na avaliación na que foi acadado e nas posteriores.

O profesorado informará ao alumnado a principio de curso.